

Manifesto das Alcaldías Nacionalistas do Condado e Louriña.
25 de Xullo. Patria Galega.

As Neves.
Mondariz.
Ponteareas
Salceda de Caselas.

Achégase o 25 de Xullo, día da Patria Galega, e a simboloxía da data vainos servir para reflexionar sobre o territorio que gobernamos nas catro Alcaldías nacionalistas do Condado e a Louriña, sobre os obxectivos e o modelo de País que construímos.

Os gobernos municipais, no papel de administracións mais próximas á cidadanía, debemos construír modelos sociais que contribúan a mellorar a calidade de vida. Ese cometido non remata nos límites dos nosos respectivos Concellos, pois tan só será completamente útil cando, sumados, os proxectos permitan termos un País que gobernemos. Unha nación.

Poñer en funcionamento servizos e facer efectivos dereitos subxectivos, individuais e colectivos, require posuír un modelo previo, un proxecto definido que responda aos intereses da maioría social e que contribúa ao proceso de construción nacional. Os gobernos do Estado e a Xunta, e as estruturas de poder e administrativas asociadas a este modelo territorial de estado, posúen claramente un proxecto e uns obxectivos que poñen límites, -e impoñen normas-, para facelo perdurar e impedir que florezca outro alternativo, como nos pretendemos.

Mudar o sistema de financiamento e o competencial, eliminar a regra de gasto para que cada Concello poida investir os seus recursos, sen condicionantes que obedecen a intereses estatais; reestruturar o territorio contando coas Comarcas como estruturas de desenvolvemento, eliminando as Deputacións, e dotando aos Concellos das nosas dimensións de capacidade económica e normativa real, para asegurar a existencia de servizos sociais de calidade, equiparables ou superiores, aos que existen en áreas urbanas, poñendo como centro da acción política as condicións de vida das persoas e dos territorios, fomentando a ocupación ordenada do mesmo, valorando o cuidado do agro e do forestal como un instrumento socio-económico, son obxectivos que conforman o noso modelo e se confrontan co que actualmente nos impoñen.

Para iso necesitamos un País ordenado e gobernado como unha nación que ten dereitos e capacidade normativa, e que debe rebelarse contra os límites que nos impón o modelo do Goberno central. Somos un país cun enorme potencial que non podemos aproveitar por falta de poder político, o que se traduce en emigración xuvenil, salarios baixos, pensións escasas e dependencia.

Como sociedade somos conscientes, cada día mais, de que o trato desigual e discriminatorio que recibimos na Galiza a respecto doutras nacións do Estado é froito dun

deseño económico no que nos atribúen un papel secundario, no que practicamente non contamos.

E temos capacidade e recursos e intelixencia e creatividade para tutelar e decidir por nós mesmas como vivir e que País construír. Como facemos nos Concellos, cada día, superando o pasado, xestionando o presente, e deseñando o futuro con ilusión e sen renunciar a nada, pois estamos convencidas e convencidos de que tan só se avanza atrevéndose a poñer en cuestión a realidade para cambiala.

Mudar modelos urbanos, paisaxísticos, de comunicacións, de Infraestruturas, de contratación, prestacionais, de colaboración social, modelos culturais, etc, como ocorre xa en Concellos gobernados polo nacionalismo de esquerda, é obxectivo para (re)construir o País.

Non vale calar, nin resignarse, hai que ter a valentía de defender e enorgullecerse de todo o que queremos, por iso convidamos a todas as mulleres e homes do Condado e a Louriña a unha gran mobilización social no Día da Patria en defensa da dignidade do noso País e a poñer en marcha o cambio de rumbo que necesita Galiza.

Asdo: Xosé Manuel Rodríguez Méndez.
Alcalde das Neves.

Asdo. Xoan Carlos Montes Bugarín.
Alcalde de Mondariz.

Asdo.: Xosé Represas Giraldez
Alcalde de Pontearreas.

Asdo.: Marcos David Besada Pérez
Alcalde de Salceda de Caselas.